

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**13988** *Lei 8/2009, do 28 de agosto, de financiamento da Corporación de Radio e Televisión Española.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

#### PREÁMBULO

A Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e televisión de titularidade estatal, supuxo unha importante reforma do sector audiovisual de titularidade estatal na liña do establecido no Protocolo 32 do Tratado de Constitución da Comunidade Europea sobre o sistema de radiodifusión dos Estados membros. Esta lei creou a Corporación RTVE dotándoa dun réxime xurídico moderno acorde cos tempos e cos avances tecnolóxicos producidos no sector. A definición do servizo público de radio, televisión e servizos conexas e interactivos así como a encomenda da súa prestación á nacente Corporación constituían unha necesidade, unha exixencia, que o dito texto legal veu satisfacer. Designou, así mesmo, un instrumento para concretar os obxectivos xerais da función do servizo público legalmente establecidos, o mandato-marco, que o Parlamento deberá aprobar cada nove anos.

A reforma perseguía ademais a independencia do organismo público prestador do servizo de radio e televisión estatal con respecto a calquera outra instancia ou organismo de carácter administrativo, governamental ou partidista. Así, a lei trasladou ao Parlamento a competencia para o nomeamento, por maioría cualificada, do presidente e demais membros do Consello de Administración, máximos responsables da Corporación, e introduciu controis profesionais mediante a creación dos consellos de informativos, órganos internos de participación dos profesionais da información da Corporación RTVE para velar pola súa independencia editorial e a obxectividade e veracidade dos contidos informativos difundidos polas sociedades prestadoras do servizo público correspondente.

Pero a independencia política constitúe só un dos piares da reforma. O outro constitúe a independencia económica, cara á cal a lei tamén deu pasos. Estableceu para a nova Corporación un modelo de financiamento mixto —que combina os ingresos procedentes dos orzamentos xerais do Estado, fixados cada tres anos nun contrato-programa, cos derivados da súa participación no mercado publicitario— baixo o principio de equilibrio orzamentario. Pero a fórmula de combinación de ingresos públicos con comerciais non é libre. Primeiro, a nova Directiva Europea 2007/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro, que deberá ser incorporada á lexislación española antes de finalizar este ano, mantén o límite de doce minutos por hora de reloxo para a emisión de publicidade. Segundo, o artigo 32.2 da Lei 17/2006 establece que «o contrato-programa deberá incorporar restricións adicionais ás establecidas con carácter xeral na Lei 25/1994, do 12 de xullo, para a emisión de publicidade televisiva». E, ademais, esa previsión de restricións adicionais reitérase no mandato-marco para a CRTVE aprobado polas Cortes en decembro de 2007.

Á espera da sinatura do primeiro contrato-programa da Corporación, foron as leis de orzamentos xerais do Estado para 2008 e para 2009 as que incluíron cadansúa redacción publicitaria dun minuto, situándose na actualidade o tope máximo de emisión publicitaria para a Corporación en dez minutos por hora de reloxo. Correlativamente, e para o mantemento do equilibrio orzamentario, foi preciso compensar o consecuente descenso de ingresos con fondos públicos.

A redución da publicidade na Corporación RTVE ten como obxectivo garantir a estabilidade nos seus ingresos e, en consecuencia, favorecer o equilibrio orzamentario evitando riscos para o mantemento da prestación do servizo público encomendado. Este obxectivo permite, así mesmo, reforzar a independencia do servizo público fronte a consideracións de mercado que puidesen afectar a prestación do servizo encomendado e facilita a determinación da compensación a RTVE para poder cubrilo.

O actual estado de cousas aconsella acelerar o proceso de cambio estrutural do modelo de financiamento de RTVE, renunciar definitiva e inmediatamente aos ingresos publicitarios e pasar a un sistema único de financiamento baseado en ingresos públicos, amortecendo situacións de inestabilidade propias dos procesos de transición e conseguindo que os efectos da redución publicitaria en RTVE se deixen sentir o antes posible no mercado televisivo. E esa é a finalidade desta lei.

Evidentemente, esta medida débese aplicar conxuntamente con outras destinadas a garantir legalmente que a Corporación RTVE sexa compensada suficientemente cos ingresos públicos que lle permitan seguir prestando o servizo público encomendado na lei e o mandato-marco, sen deixar de cumprir co principio de equilibrio orzamentario.

A calidade dun servizo público depende tamén da posibilidade de que teña acceso a el o maior número de cidadáns, e por iso se garante que o servizo público de radio, televisión e servizos conexas e interactivos se preste en condicións de universalidade e gratuidade e, por tanto, a renuncia da Corporación RTVE a ofrecer contidos de pagamento ou acceso condicionado.

Non parece razoable que a garantía do financiamento sexa á custa de aumentar as achegas do Estado. Parece lóxico que aqueles que resulten beneficiados por esta decisión sexan tamén os que soporten, en parte, esa carga económica. A imposición dunha achega razoable ás operadoras privadas para o financiamento da televisión pública é, por outro lado, unha fórmula utilizada por outros países da nosa contorna.

As novas figuras tributarias que establece a lei axústanse plenamente, como non podía ser menos, aos principios constitucionais sobre a tributación, en especial o de igualdade de trato aos suxeitos pasivos e o da adecuación do gravame á capacidade económica de tales suxeitos pasivos, así como o de legalidade no establecemento dos tributos e das prestacións patrimoniais de carácter público.

En particular, o sistema que se establece toma en conta os ingresos dos suxeitos pasivos e moi especialmente os que, de forma tanto directa como indirecta, deberán percibir pola supresión do réxime de publicidade retribuída e pola renuncia a contidos de pagamento na Corporación RTVE. Estes beneficios concorren tanto nos operadores de televisión como nos de telecomunicacións, todos os cales xa actúan e van seguir actuando no mesmo sector a través das varias solucións e medios técnicos xa existentes, así como a través dos que de inmediato se porán en funcionamento, tales como a potenciación da televisión de alta definición, a televisión en mobilidade, a televisión dixital terrestre de pagamento ou a interactividade, todo o cal está directamente vinculado á ampliación dos servizos de banda larga fixa e móbil.

Non obstante, as operadoras privadas de televisión e telecomunicacións non se poden facer cargo da totalidade dos ingresos que a Corporación RTVE deixa de percibir pola súa renuncia ao mercado publicitario e aos contidos de pagamento xa que, de ser así, non se conseguiría o efecto dinamizador do sector que tamén pretende esta medida. Por iso se optou por aplicar, ao igual que noutros países da nosa contorna, unha porcentaxe sobre os ingresos dos operadores do 3% para os de televisión comercial en aberto, do 1,5% para os operadores de televisión de pagamento e do 0,9% para os de telecomunicacións. No caso dos operadores de televisión, estas porcentaxes determináronse seguindo as recomendacións do Consello de Estado, tendo en conta o distinto impacto que a supresión da publicidade ten nas televisións que operan en aberto, e as que emiten en oferta de acceso condicional ou de pagamento por satélite ou por cable.

Polo demais, na medida en que os ingresos dos operadores aumenten, quer pola fin do ciclo recesivo quer polo aumento natural do consumo de contidos audiovisuais tanto

libre como codificado ou de pagamento, aumentarían as cantidades recadadas para financiar RTVE.

Ademais, créase un fondo de reserva, dotado cos ingresos que superen o custo neto do servizo público que se preste, ben para atender situacións sobrevidas ou ben para reducir as achegas directas do Estado vía orzamentos xerais. Este fondo, de non ter sido utilizado en catro anos, servirá para reducir as achegas do Estado. A súa utilización total ou parcial efectuarase contando coa supervisión e autorización do Ministerio de Economía e Facenda.

En suma, para completar o resto das necesidades orzamentarias de RTVE, recórrase a unha parte dos ingresos derivados da aplicación dunha achega ás operadoras de televisión e telecomunicacións —xa en vigor en España e nos países da nosa contorna—, pola utilización dun ben de titularidade pública, o espazo radioeléctrico.

Por outro lado, ao igual que se impoñen aos operadores privados contraprestacións pola prohibición á CRTVE de emitir contidos publicitarios e pola utilización dun ben público, débense impor contrapartidas á RTVE a cambio da garantía da súa estabilidade orzamentaria e para non distorsionar os principios da competencia. E esas contrapartidas non poden nin deben ser outras que reforzar o carácter de servizo público de RTVE nos seus contidos e na súa xestión, con obrigas adicionais ás impostas ao conxunto dos operadores privados e ás xa establecidas na normativa reguladora da radio e da televisión de titularidade estatal.

En definitiva, esta lei cuxo contido está de acordo co ditame emitido polo Consello de Estado, cuxas observacións foron incorporadas, completa a reforma institucional, financeira e estrutural do modelo de radiotelevisión pública estatal en España iniciada hai tres anos, garantindo, a medio e longo prazo, a súa estabilidade financeira e, a curto, o seu equilibrio orzamentario. E pretende que estes potenciais beneficios tanto no sector público coma no privado teñan como contrapartida o perfeccionamento dun modelo que permita a existencia e a convivencia estable do sector audiovisual público e privado no noso país.

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto regular o sistema de financiamento da Corporación de Radio e Televisión Española e das súas filiais prestadoras do servizo público de radio e televisión de titularidade do Estado.

Así mesmo, establécense obrigas adicionais que se exigen para a prestación dos servizos públicos encomendados.

#### Artigo 2. *Financiamento.*

1. A Corporación RTVE e as súas sociedades prestadoras do servizo público financiaranse cos seguintes recursos:

a) As compensacións polo cumprimento das obrigas de servizo público consignadas nos orzamentos xerais do Estado a que se refiren a Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e televisión de titularidade estatal e esta lei.

b) Unha porcentaxe sobre o rendemento da taxa sobre reserva de dominio público radioeléctrico regulada na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

c) A achega que deben realizar os operadores de telecomunicacións de ámbito xeográfico estatal ou superior ao dunha comunidade autónoma, de acordo co previsto nesta lei.

d) A achega que deben realizar as sociedades concesionarias e prestadoras do servizo de televisión de ámbito xeográfico estatal ou superior ao dunha comunidade autónoma, de acordo co previsto nesta lei.

e) Os ingresos obtidos polos servizos que presten e, en xeral, polo exercicio das súas actividades, nos termos establecidos nesta lei.

- f) Os produtos e rendas do seu patrimonio.
- g) As achegas voluntarias, subvencións, herdanzas, legados e doazóns.
- h) Os ingresos procedentes das operacións de crédito que concerten, dentro dos límites establecidos no artigo 31 da Lei 17/2006, do 5 de xuño.
- i) Calquera outro de dereito público ou de dereito privado que lles poida ser atribuído por calquera dos modos establecidos no ordenamento xurídico.

2. Cando o fondo de reserva a que fai referencia o capítulo IV desta lei non poida compensar unha hipotética redución dos ingresos recollidos nas letras b), c) e d) do número 1 deste artigo, completárase o orzamento previsto con fondos provenientes dos orzamentos xerais do Estado en aplicación do artigo 33.1 da Lei 17/2006, sempre e cando o gasto non superase os límites orzados.

### Artigo 3. *Límites do financiamento e dimensión económica da Corporación RTVE.*

1. Os ingresos a que se refiren as letras a), b), c) e d) do número 1 do artigo anterior só poderán ser destinados pola Corporación RTVE a financiar actividades que sexan de servizo público. A Corporación non poderá utilizar ningún ingreso dos establecidos no artigo anterior para sobrecotizar fronte a competidores por dereitos sobre contidos de gran valor comercial.

2. O mandato-marco e os sucesivos contratos programa a que se refire o artigo 4 da Lei 17/2006, do 5 de xuño, incorporarán a dimensión económica da actividade da Corporación RTVE así como os límites que, de ser o caso, deba ter o seu crecemento anual, tendo en conta as obrigas de servizo público que se lle impoñen e conforme as regras seguintes:

a) Durante o bienio 2010-2011 o total de ingresos por todos os conceptos da Corporación RTVE non superará a cifra de 1.200 millóns de euros. Este importe operará tamén como límite de gasto en cada exercicio.

b) Durante o trienio 2012-2014 o crecemento, de ser o caso, non será superior ao 1% anual.

c) A partir do exercicio 2014 o crecemento, de ser o caso, acomodárase á previsión de incremento do índice xeral de prezos de consumo para o ano de referencia.

3. O exceso de ingresos sobre o límite establecido no punto anterior deberase ingresar no Tesouro público. Regulamentariamente establecerase o procedemento que se aplicará cando se supere este límite.

## CAPÍTULO II

### Ingresos por taxas e achegas

#### Artigo 4. *Porcentaxe sobre o rendemento da taxa sobre reserva de dominio público radioeléctrico.*

1. A Corporación RTVE percibirá unha porcentaxe sobre o rendemento da taxa sobre reserva de dominio público radioeléctrico regulada no número 3 do anexo I da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

2. Mentres as leis de orzamentos xerais do Estado non establezan unha porcentaxe diferente sobre o rendemento da taxa sobre reserva de dominio público radioeléctrico, a porcentaxe queda fixada no 80%, cun importe máximo anual de 330 millóns de euros.

3. A Axencia Estatal de Radiocomunicacións ingresará o importe da porcentaxe a favor da Corporación RTVE na forma e prazos que se determinen regulamentariamente.

#### Artigo 5. *Achega que deben realizar os operadores de telecomunicacións de ámbito xeográfico estatal ou superior ao dunha comunidade autónoma.*

1. Os operadores de telecomunicacións de ámbito xeográfico estatal ou superior ao dunha comunidade autónoma deberán efectuar unha achega anual, calculada sobre os

ingresos brutos de explotación facturados no ano correspondente, excluídos os obtidos no mercado de referencia por xunto, coa finalidade de contribuír ao financiamento da Corporación RTVE en atención ao impacto positivo para o sector das telecomunicacións que deriva da nova regulación do sector televisivo e audiovisual e, en especial, pola ampliación dos servizos de banda larga fixa e móbil, así como a supresión da publicidade e a renuncia a contidos de pagamento ou acceso condicional da Corporación RTVE.

2. A achega rexeráse polo disposto nesta lei e, no non previsto nela, pola Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos; pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e polas normas regulamentarias ditadas en desenvolvemento destas.

3. Resultarán obrigados ao pagamento da achega os operadores de servizos de telecomunicacións que figuren inscritos no Rexistro de Operadores da Comisión do Mercado das Telecomunicacións nalgún dos servizos ou ámbitos seguintes, sempre que teñan un ámbito xeográfico estatal ou superior ao dunha comunidade autónoma e exceptuando aqueles que non presten ningún servizo audiovisual nin calquera outro servizo que inclúa ningún tipo de publicidade:

- a) Servizo telefónico fixo.
- b) Servizo telefónico móbil.
- c) Provedor de acceso á internet.

4. A achega fíxase no 0,9% dos ingresos brutos de explotación facturados no ano correspondente, excluídos os obtidos no mercado de referencia por xunto. Esta achega non poderá superar o 25% do total de ingresos previstos para cada ano na Corporación RTVE.

5. A achega devengarase o 31 de decembro de cada ano. Non obstante, se por causa imputable ao operador este perdese a habilitación para actuar como tal en data anterior ao 31 de decembro, a achega devengarase na data en que esta circunstancia se producise.

6. A xestión, liquidación, inspección e recadación da achega corresponden á Comisión do Mercado das Telecomunicacións, que poderá utilizar para a efectividade do seu cobramento a vía de constrinximento, cuxa xestión realizarán os órganos de recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

7. O rendemento da achega destinarase ao financiamento da Corporación RTVE polo procedemento que se determine regulamentariamente.

8. Regulamentariamente poderase establecer o deber de autoliquidación da achega polos obrigados ao pagamento desta.

*Artigo 6. Achega que deben realizar as sociedades concesionarias e prestadoras do servizo de televisión de ámbito xeográfico estatal ou superior ao dunha comunidade autónoma.*

1. As sociedades concesionarias e as prestadoras do servizo de televisión de ámbito xeográfico estatal ou superior ao dunha comunidade autónoma deberán efectuar unha achega anual, calculada sobre os ingresos brutos de explotación facturados no ano correspondente, coa finalidade de contribuír ao financiamento da Corporación RTVE como consecuencia da renuncia á oferta de contidos de pagamento ou acceso condicional e da supresión do réxime de publicidade retribuída como fonte de financiamento da dita corporación e o impacto económico favorable que diso derivará para as ditas sociedades concesionarias e prestadoras do servizo de televisión.

2. A achega rexeráse polo disposto nesta lei e, no non previsto nela, pola Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e polas normas regulamentarias ditadas en desenvolvemento delas.

3. Resultarán obrigados ao pagamento da achega os operadores de televisión que sexan concesionarios ou prestadores do servizo de televisión tanto en forma de acceso aberto como de acceso condicional dalgunha das modalidades seguintes, sempre que o servizo teña un ámbito xeográfico estatal ou superior ao dunha comunidade autónoma:

- a) Sociedades concesionarias do servizo de televisión privada por ondas terrestres, en sistema analóxico ou dixital.

- b) Sociedades prestadoras do servizo de televisión por satélite.
  - c) Sociedades prestadoras do servizo de televisión por cable.
4. A achega para os concesionarios ou prestadores do servizo de televisión en acceso aberto fíxase no 3% dos ingresos brutos de explotación facturados no ano correspondente. Esta achega non poderá superar o 15 % do total de ingresos previstos para cada ano na Corporación RTVE.
5. A achega para os concesionarios ou prestadores do servizo de televisión de acceso condicional ou de pagamento fíxase no 1,5% dos ingresos brutos de explotación facturados no ano correspondente. Esta achega non poderá superar o 20% do total de ingresos previstos para cada ano na Corporación RTVE.
6. A achega devengarase o 31 de decembro de cada ano. Non obstante, se por causa imputable ao operador este perdese a habilitación para actuar como tal en data anterior ao 31 de decembro, a achega devengaríase na data en que esta circunstancia se producise.
7. A xestión, liquidación e recadación da achega corresponden á Comisión do Mercado das Telecomunicacións, que poderá utilizar para a efectividade do seu cobramento a vía de constrinximento, cuxa xestión realizarán os órganos de recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria.
8. O rendemento da achega destinarase ao financiamento da Corporación RTVE polo procedemento que se determine regulamentariamente, con cumprimento en calquera caso do límite previsto no artigo 3.2.
9. Regulamentariamente poderase establecer o deber de autoliquidación da achega polos obrigados ao pagamento desta.

### CAPÍTULO III

#### Ingresos derivados da actividade

##### Artigo 7. *Ingresos derivados da actividade.*

1. A Corporación RTVE e as súas sociedades prestadoras do servizo público poderán obter ingresos, sen subcotizar os prezos da súa actividade mercantil, polos servizos que presten e, en xeral, polo exercicio das súas actividades, incluíndo a comercialización dos seus contidos, tanto de produción propia como de produción mixta ou coprodución, sempre que os ingresos non procedan de actividades de publicidade ou de televenda en calquera das súas formas, incluído o patrocinio e o intercambio publicitario de produtos ou programas, nin se trate de ingresos derivados do acceso condicional que non estean autorizados conforme esta lei. Non obstante, permitiranse os patrocinios e o intercambio publicitario de eventos deportivos e culturais, que se enmarquen dentro da misión de servizo público da Corporación, sen valor comercial e sempre que teñan este sistema como única posibilidade de difusión e produción.

Excepcionalmente poderanse emitir competicións deportivas con contrato de patrocinio ou outras formas comerciais cando estas formen parte indivisible da adquisición de dereitos e da produción do sinal que se vai difundir.

Así mesmo, e en función do establecido no artigo 9.1.k) desta lei, a Corporación RTVE poderá aceptar patrocinios, sempre que estes só sexan difundidos a través das canles internacionais de TVE.

Os ingresos derivados do establecido nos dous parágrafos anteriores minoraranse das compensacións polo cumprimento das obrigas de servizo público consignadas nos orzamentos xerais do Estado de maneira diferenciada para cada unha das sociedades prestadoras do servizo público.

2. Para os efectos desta lei, enténdense por actividades de publicidade e televenda as definidas nas alíneas c) e h) do artigo 3 da Lei 25/1994, do 12 de xullo, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE sobre a coordinación

de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas ao exercicio de actividades de radiodifusión televisiva.

3. Non obstante o disposto no número 2 anterior, non terán a consideración de publicidade as actividades seguintes, as cales, porén, en caso de se realizar, non darán lugar á percepción de ningunha contraprestación económica:

a) As actividades de autopromoción, sempre que a duración máxima dos contidos de autopromoción por hora de emisión non sexa superior á do resto dos operadores de televisión de ámbito xeográfico nacional.

b) As actividades de publicidade e comunicación institucional, entendendo por tales aquelas recoñecidas pola Lei 29/2005, do 29 de decembro, de publicidade e comunicación institucional e a lexislación autonómica na materia, así como de patrocinio cultural.

c) As actividades derivadas da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

d) As campañas divulgativas de carácter social ou de contidos solidarios en beneficio de entidades e organizacións sen fins de lucro emitidas ao abeiro da responsabilidade social corporativa da Corporación RTVE.

4. Excepcionalmente e mediante acordo do Consello de Ministros poderanse autorizar emisións mediante acceso condicional que consistan en servizos específicos de valor engadido relacionados coa Administración electrónica e similares.

5. O acceso mediante pagamento de tarifas a paquetes básicos en que se inclúan emisións de radio e televisión da Corporación RTVE a través de sistemas de distribución en rede ofrecidos por terceiros non terá a consideración de actividade de acceso condicional ou de pagamento.

## CAPÍTULO IV

### Fondo de reserva

Artigo 8. *Fondo de reserva.*

1. A Corporación RTVE constituirá un fondo de reserva que estará dotado cos ingresos que superen o custo neto do servizo público prestado no correspondente exercicio orzamentario, sen que en ningún caso se poida superar o límite establecido no artigo 3.2.

2. A achega anual a este fondo non poderá superar o 10% dos gastos anuais orzados. O resto dos ingresos excedentes deberase ingresar no Tesouro Público, de conformidade co establecido no artigo 3.3 desta lei.

3. O fondo só poderá ser utilizado para compensar perdas de exercicios anteriores e para facer fronte a contingencias especiais derivadas da prestación do servizo público encomendado. En todo caso, para poder utilizar total ou parcialmente o fondo a Corporación RTVE precisará da autorización expresa do Ministerio de Economía e Facenda.

4. En caso de non-disposición en catro anos, o fondo de reserva será utilizado, total ou parcialmente, para reducir as compensacións polo cumprimento das obrigas de servizo público previstas na Lei 17/2006, do 5 de xuño, e nesta lei. O Ministerio de Economía e Facenda adoptará as decisións oportunas para realizar a dita redución no orzamento inmediatamente seguinte.

## CAPÍTULO V

### Obrigas adicionais de servizo público

Artigo 9. *Obrigas adicionais de servizo público.*

1. Sen prexuízo das obrigas de servizo público que resultan da Lei 17/2006, do 5 de xuño, a Corporación RTVE deberá cumprir tamén as seguintes:

a) Dedicar, polo menos, doce horas semanais en horario non residual entre as súas distintas canles da radio e da televisión a emitir programas e presenza nos servizos interactivos en que se dea acceso aos grupos políticos, sindicais e sociais.

b) Informar periodicamente dos debates parlamentarios das Cortes Xerais e retransmitir en directo por radio, televisión e internet as sesións que teñan especial interese informativo. Nestes casos, non se cortará a emisión ata que non se expresasen todos os grupos políticos, salvo razóns de urxencia informativa.

c) Programar debates electorais de conformidade co establecido na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño.

d) Ofrecer na canle infantil en horarios de emisión, en días laborables, entre as dezasete e vinte e unha horas locais, polo menos o 30% de programas destinados a menores entre catro e doce anos. En fins de semana e períodos de vacacións a obriga estenderase entre as nove e as vinte horas locais. Unha vez producido o apagón analóxico, estes programas emitiranse nesta mesma franxa horaria e progresivamente en sistema multilingüe, polo menos en castelán, linguas cooficiais do Estado e inglés, sempre que as posibilidades técnicas e orzamentarias o permitan.

A Corporación deberá cumprir taxativamente co Código de autorregulación de contidos televisivos e infancia e posibilitará tecnicamente a opción do control parental das emisións.

Así mesmo, a Corporación incrementará progresivamente a programación infantil de produción europea ata conseguir unha proporción maioritaria do seu tempo de difusión.

O Consello Estatal de Medios Audiovisuais, nos termos fixados nesta lei, será o encargado do control do cumprimento deste precepto e de toda a regulación e normativa específica ao respecto tanto no que se refire a horarios como a contidos. A nivel interno, a Corporación deberá designar un responsable para realizar esta tarefa a través da Oficina do Defensor do Telespectador, oínte e usuario de medios interactivos ou de quen considere oportuno o seu Consello de Administración.

e) Antes do primeiro de xaneiro de 2013, subtítular o 90% dos programas e alcanzar progresivamente o 100%, sempre que as posibilidades técnicas o permitan, e emitir, polo menos, á semana dez horas de interpretación con lingua de signos e outras dez horas audiodescritas. Nas emisións territorializadas terase en conta a realidade lingüística de cada comunidade autónoma.

f) Polo menos un 60% da franxa de máxima audiencia das súas canles principais estará composta por longametraxes e curtametraxes cinematográficas, películas para televisión, documentais, series e programas informativos, culturais e de actualidade elaborados pola industria audiovisual europea.

g) Incrementar nun 20% o deber de investimento legal no financiamento da produción europea de longametraxes, curtametraxes, películas, documentais e produtos de animación.

h) Diversificar a contratación de servizos exteriores e de producións alleas ou mixtas, de maneira que non se concentren en máis do 30% nun mesmo provedor, coa excepción das empresas con poder significativo no mercado ou que sexan titulares da explotación de dereitos exclusivos.

i) Limitar ao 10% do orzamento anual total de aprovisionamentos, compras e servizos exteriores a adquisición de dereitos de emisión dos eventos deportivos oficiais catalogados polo Consello Estatal de Medios Audiovisuais como de interese xeral e de grande interese para a sociedade que se fixarán no contrato-programa, con exclusión dos Xogos Olímpicos e Paralímpicos.

j) Promover a cultura e a arte, a divulgación científica e tecnolóxica, a innovación e a actividade emprendedora.

k) Garantir as emisións internacionais de radio e televisión con contidos de calidade de carácter fundamentalmente informativo e de promoción da cultura e dos intereses políticos e económicos estratéxicos de España e dos seus territorios.

l) Poderá subscribir convenios de colaboración funcional e operativa con outras empresas públicas de radio, televisión ou noticias.

m) Televisión Española non poderá emitir, no conxunto das súas canles, máis de 52 películas de estrea ao ano en horario de máximo consumo televisivo realizadas polas grandes produtoras cinematográficas internacionais. Entenderase por estrea a emisión en televisión do primeiro pase en aberto de películas xa estreadas en salas de entre dous e



catro anos de antigüidade, contados desde a data da estrea. A emisión en simultáneo por varias canles de TVE considerárase un só pase.

n) Asegurar a máxima cobertura xeográfica, social e cultural e impulsar a diversidade cultural e lingüística na súa oferta dixital, especialmente a través dunha canle dedicada á produción cultural e artística. En función das posibilidades técnicas e orzamentarias, a Corporación adquirirá e emitirá contidos audiovisuais producidos nas distintas comunidades autónomas e, cando sexan en linguas cooficiais, emitirase en sistema dual co castelán. Así mesmo, nos territorios con lingua cooficial emitiranse, en función da realidade lingüística de cada comunidade autónoma, versións dobradas ou subtituladas nas ditas linguas de programas gravados de ficción, animación e documentais. As desconexións territoriais realizaranse na lingua propia de cada comunidade en función da realidade lingüística de cada unha delas.

o) Propiciar o acceso aos distintos xéneros de programación e aos eventos institucionais, sociais, culturais e deportivos, e dirixilos a todos os segmentos de audiencia, idades e grupos sociais, incluídas as minorías con discapacidades.

2. Non se poderá establecer ningunha obriga adicional de servizo público á Corporación RTVE sen a correspondente dotación orzamentaria.

Disposición adicional primeira. *Adaptación do primeiro mandato-marco á Corporación RTVE.*

A aprobación desta lei implica a adaptación ou supresión dos artigos que se opoñan a ela do mandato-marco á Corporación RTVE –aprobado polo Pleno do Congreso dos Deputados na súa sesión do 11 de decembro de 2007 e polo Pleno do Senado na súa sesión do 12 de decembro de 2007–.

Disposición adicional segunda. *Adaptación de estatutos e exencións fiscais e de aranceis e honorarios.*

1. Dentro do prazo dun mes a partir da entrada en vigor desta lei a Corporación RTVE e as súas sociedades prestadoras do servizo público adaptarán os seus estatutos ao disposto nesta lei.

2. Todas as transmisións patrimoniais, operacións societarias e actos derivados directa ou indirectamente da aplicación desta lei que teñan como suxeito pasivo a Corporación RTVE e as sociedades prestadoras do servizo público estarán exentos de calquera tributo estatal, autonómico ou local, sen que proceda, neste último caso, a compensación a que se refire o artigo 9.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

3. Igualmente todas as transmisións, operacións e actos mencionados no punto anterior gozarán de exención do pagamento de calquera arancel e honorario profesional devengado pola intervención de fedatarios públicos e de rexistradores da propiedade e mercantís.

Disposición adicional terceira. *Concesión de crédito extraordinario.*

1. Para atender o cumprimento das obrigas a que se refire a disposición transitoria cuarta desta lei, concédese un crédito extraordinario ao orzamento en vigor da sección 15 «Ministerio de Economía e Facenda», servizo 01 «Ministerio, Subsecretaría e Servizos Xerais», 923M «Dirección e Servizos Xerais de Economía e Facenda», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 44 «A sociedades, entidades públicas empresariais, fundacións e resto entes sector público», concepto 447 «Á Corporación RTVE», por importe de 165 millóns de euros.

2. O crédito extraordinario que se concede no punto anterior financiarase con débeda pública.

Disposición adicional cuarta.

A Comisión do Mercado das Telecomunicacións analizará a proporcionalidade da obriga de realizar achegas dos operadores a que se alude nos artigos 2.1.c) e d), 5.1 e 6.1.

Para os efectos de garantir que se cause a menor distorsión posible á competencia poderase acordar, excepcionalmente e por un tempo acoutado, o aprazamento ou fraccionamento de pagamento da achega anual tendo en conta os niveis de ingresos dos distintos operadores e sociedades, así como a súa capacidade financeira. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións será a encargada de tramitar as solicitudes que, de ser o caso, poidan presentar os obrigados ao pagamento, naqueles supostos en que a súa situación económico-financeira lles impida, de forma transitoria, efectualo nos prazos establecidos, nos termos regulados nesta lei e na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e na súa normativa de desenvolvemento.

Disposición adicional quinta. *Modelo audiovisual.*

O Goberno deberá remitir, no prazo dun mes, o proxecto de Lei xeral audiovisual, que deberá definir un modelo completo de televisión pública.

Disposición adicional sexta.

As compensacións e achegas a que se refire o artigo 2.1, letras a), b), c) e d) desta lei, aboaranse á Corporación Radiotelevisión Española da seguinte forma:

a) As compensacións consignadas na Lei de orzamentos xerais do Estado, e a porcentaxe sobre o rendemento da taxa sobre dominio público radioeléctrico a que se refiren as letras a) e b) do número 1 do artigo 2 aboaranse á Corporación RTVE por doceavas partes, dentro dos dez primeiros días de cada mes.

b) As achegas que deben realizar os operadores de telecomunicacións e as sociedades concesionarias do servizo de televisión realizaranse da seguinte forma: nos meses de abril, xullo e outubro, os obrigados ao pagamento da achega deberán efectuar un pagamento á conta da achega que se devengue o 31 de decembro de cada ano. O importe do pagamento á conta, para cada un dos fitos indicados, fíxase no 25% do resultado de aplicar a porcentaxe establecida nos artigos 5 e 6 desta lei aos ingresos brutos de explotación facturados no ano anterior, excluídos, no caso dos operadores de telecomunicacións, os obtidos no mercado de referencia por xunto.

A xestión, liquidación e inspección da achega e a súa recadación corresponden á Comisión do Mercado das Telecomunicacións. Regulamentariamente regularanse os aspectos da xestión e da liquidación destas achegas, dos pagamentos á conta e da forma de compensación en exercicios posteriores do remanente que resulte nos casos en que a contía dos pagamentos á conta supere o importe da achega anual.

Disposición transitoria primeira. *Emisións de publicidade, televenda e programas de acceso condicional.*

1. A partir da entrada en vigor desta lei a Corporación RTVE e as súas sociedades prestadoras do servizo público non poderán emitir publicidade, televenda e, de ser o caso, programas de acceso condicional, excepto nos supostos a que se refiren os números 3 e 4 do artigo 7 desta lei.

2. Porén, cando as emisións de publicidade, televenda e programas de acceso condicional teñan a súa orixe en contratos celebrados pola Corporación RTVE ou polas súas sociedades prestadoras do servizo público que se perfeccionasen con terceiros nunha data fidedigna anterior á da entrada en vigor desta lei, as actividades de publicidade, televenda e programación de acceso condicional levaranse a cabo nos termos establecidos nos respectivos contratos, aínda que sen que estes poidan ser prorrogados en ningún caso.

3. Os ingresos derivados do establecido no punto anterior minoraranse das compensacións polo cumprimento das obrigas de servizo público consignadas nos orzamentos xerais do Estado de maneira diferenciada para cada unha das sociedades prestadoras do servizo público.

Disposición transitoria segunda. *Modelo de transición.*

A Corporación RTVE elaborará e executará un modelo de transición durante o período a que se refire o número 2 da disposición transitoria anterior e establecerá liñas de actuación en materia de autopromoción e de emisión de contidos adaptadas á nova situación en que non percibirá ingresos por publicidade.

Disposición transitoria terceira. *Exixibilidade das taxas e achegas en 2009.*

Ata o 31 de decembro de 2009 aplicaranse as regras seguintes aos ingresos procedentes das taxas e achegas recollidas no capítulo II desta lei:

1.<sup>a</sup> A previsión contida no artigo 4 en relación coa taxa sobre reserva de dominio público radioeléctrico non se aplicará no exercicio 2009, e comezarse a aplicar en 2010.

2.<sup>a</sup> A achega que deben realizar os operadores de telecomunicacións de ámbito xeográfico estatal ou superior ao dunha comunidade autónoma a que se refire o artigo 5 non será exixible en 2009, e comezarse a aplicar en 2010.

3.<sup>a</sup> A achega que deben realizar en 2009 as sociedades concesionarias e prestadoras do servizo de televisión de ámbito xeográfico estatal ou superior ao dunha comunidade autónoma calcularase dividindo por 365 o importe anual en 2009 dos ingresos brutos de explotación a que se refire o artigo 6, multiplicándose o resultado obtido polo número de días de vixencia desta lei no referido exercicio e aplicando ao novo resultado a porcentaxe do 3% ou do 1,5%, segundo corresponda.

4.<sup>a</sup> En xullo de 2010 deberanse realizar os pagamentos á conta das achegas reguladas nos artigos 5 e 6 correspondentes ao dito exercicio.

Disposición transitoria cuarta. *Compensacións nos orzamentos xerais do Estado.*

Co fin de facer fronte ás necesidades de produción de contidos para completar os espazos da programación derivados da eliminación da publicidade ata o 31 de decembro de 2009, así como para compensar a perda de ingresos que desde a entrada en vigor da lei ata a citada data se produza como consecuencia do establecido no número 1 da disposición transitoria primeira desta lei, incrementaranse as compensacións polo cumprimento das obrigas de servizo público consignadas nos orzamentos xerais do Estado a favor da Corporación RTVE ata un máximo de 165 millóns de euros.

Disposición transitoria quinta.

Para o exercicio 2009, e para os efectos do parágrafo terceiro da disposición transitoria primeira, os ingresos derivados do disposto no seu número 2 destinaranse a compensar os posibles desequilibrios derivados da desaparición da publicidade que se puidesen producir na Corporación RTVE en 31 de decembro. O destino do remanente, se o houber, será o marcado pola referida disposición transitoria.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ao establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e a televisión de titularidade estatal.*

Os preceptos da Lei 17/2006, do 5 de xuño, que a continuación se relacionan quedan redactados da forma seguinte:

1. O parágrafo segundo do número 3 do artigo 7 queda redactado como segue:

«As sociedades previstas no número 1 deste artigo incluírán nos seus obxectos sociais respectivos, entre outras, as tarefas de comercialización dos seus produtos ou servizos».

2. A epígrafe f) do número 4 do artigo 16 queda redactada como segue:  
«f) Desenvolver os principios básicos en materia de produción, así como fixar as directrices xerais de actuación no cumprimento das súas funcións e na realización das súas actividades de produción, programación e comercialización na radio e televisión estatais.»
3. A epígrafe e) do número 2 do artigo 20 queda redactada como segue:  
«e) Executar as directrices xerais de actuación da Corporación RTVE aprobadas polo Consello de Administración, así como executar os principios que o dito órgano aprobe sobre produción, actividade comercial e programación na radio e televisión estatais.»
4. O parágrafo segundo do artigo 33 queda redactado como segue:  
«Se no momento do peche dun exercicio se constata que a compensación supera o custo neto en que se incorreu en tal período, o montante en exceso destinarase a dotar o fondo de reserva nos termos establecidos no artigo 8 da Lei 8/2009, do 28 de agosto, de financiamento da Corporación RTVE, e o remanente, se o houber, minorará as cantidades asignadas nos orzamentos xerais do Estado para o exercicio seguinte a aquel en que se producise tal exceso.»
5. Entenderanse referidas ás autopromocións e á publicidade institucional as referencias ás competencias en materia de publicidade que se conteñen no artigo 20, número 2, letra c) e no artigo 23, número 3, letra c).

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

O Goberno ditará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Palma de Mallorca, 28 de agosto de 2009

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO